

Profesor: Xavier Yáñez

Materia: Valores éticos

Curso: 3º ESO

Grupos: A

Asunto: ACTIVIDADES A ENTREGAR CANDO VOLVAMOS ÁS AULAS.

Unidade 3

HAI SITIO PARA TODOS?

Cada persoa é única e, non obstante, é o froito de moitos factores que se entrecruzan ao xestarse a súa historia persoal e social.

Todos nos definimos por características físicas, como o sexo, a cor da pel ou a nosa complexión, pero tamén polo noso temperamento, as nosas capacidades, ou polo estado da nosa saúde. A estes trazos vanse sumando outros aspectos e circunstancias, como o contexto social e cultural, o nivel económico ou as crenzas, que fan que o conxunto da humanidade sexa, ante todo, diverso.

Os problemas e os conflitos comezan cando algúns destes factores se valoran por enriba doutros.

<https://www.youtube.com/watch?v=n9jzGmFBzx8>

Zapatillas. EL CANTO DEL LOCO

Estoy cansado de salir de noche y ver siempre la misma gente
Estoy flipando de que la gente se invente, cuente y luego reinvente
Apoltronado en el sofá de mi casa, vente se está caliente
Amaestrados vamos al mismo sitio todos aunque luego ni entres
Alucinando de que me miren de arriba a bajo como un delincuente
Intoxicado de que me pongan esa puta música indiferente
Quiero entrar en tu garito con zapatillas
Que no me miren mal al pasar
Estoy cansado de siempre lo mismo
La misma historia y quiero cambiar
Me da pena tanta tontería
Quiero un poquito de normalidad
Pero a ver, mírame, y dime tronco, no veo ni un sitio y no puedo aparcar
Estoy muy harto de que me digan: "si no estás en lista no puedes pasar
Solo entran cuatro, tenemos zona supermegaguay y...

ACTIVIDADES

- 1. Escoita a canción de El Canto del Loco. Como imaxinas que é o personaxe e os sentimentos que expresa na letra? É unha circunstancia puramente imaxinaria ou viviches situacións en que se discrimine só pola forma de vestir ou a aparencia física?**
- 2. Cres que son frecuentes os casos de discriminación por sexo? Coñeces algún caso? Que accións se che ocorren para acabar con este tipo de marxinação?**

QUEN DITAMINA QUEN É PERFECTO?

Vítimas do holocausto

O **Holocausto** foi o xenocidio ou asasinato en masa de case seis millóns de xudeos durante a segunda guerra mundial, no maior xenocidio do século XX, un programa sistemático de exterminio étnico patrocinado polo estado nazi, liderado por Adolf Hitler e polo Partido Nacionalista e que ocorreu en todo o Terceiro Reich e nos territorios ocupados polos alemáns durante a guerra. Dos nove millóns de xudeos que residían en Europa antes do Holocausto, cerca de dous terzos foron exterminados. Máis dun millón de nenos, dous millóns de mulleres e tres millóns de homes morreron neste período.

O vocábulo ten orixes remotas en sacrificios rituais pagáns da antigüidade en que animais (ás veces até seres humanos) eran ofrecidos ás divindades, sendo completamente queimados durante a noite. A partir do século XX, o termo "holocausto" pasou a designar grandes catástrofes e masacres, até que trala Segunda Guerra Mundial o termo "Holocausto" (con inicial maiúscula) pasou a ser utilizado especificamente para se referir ao xenocidio sistemático realizado polos nazis contra varios grupos étnicos, relixiosos, nacionais e outros grupos durante a Segunda Guerra Mundial.

ACTIVIDADES

- 1. Busca máis datos sobre o Holocausto. Investiga cales son os prexuízos e as razóns que aducían os nazis para seleccionar as vítimas. Por que cres que é máis coñecido o caso dos xudeos ca os doutros grupos de persoas?**
- 2. En 1931, os nazis estableceron unha oficina de Raza e Asentamento coa misión de definir con exactitude a perfección da raza aria, e probar as razóns da súa superioridade. Por que pensas que se xerou este discurso? A quen beneficiaba?**
- 3. Tras o final da II Guerra Mundial, pensouse que xamais se esquecería nin se repetiría o Holocausto. Non obstante, na actualidade, grupos neonazis, ultras, racistas e xenófobos aumentan a súa influencia en moitos países europeos. Cres que pode volver ocorrer algo como aquilo?**

POR QUE REXEITAMOS OS EXTRAÑOS?

Nacións Unidas advertiu de que no **Mediterráneo** “está a ocorrer unha **traxedia de proporcións épicas**”. Máis de 23.000 persoas perderon a súa vida desde o ano 2000 no seu intento de chegar a costas europeas mentres foxen de conflitos, fame e situacións de desesperación que lles impiden vivir en condicións dignas. Quen sobreviven, no entanto, non o teñen fácil. Padecen o rexeitamento doutros países que se negan a acollerlles ou pon límite á cantidade de persoas que poden chegar aos seus países.

Vídeo: <http://www.crtvg.es/informativos/acampa-conciencia-na-coruna-do-problema-dos-refugiados-3802545>

ACTIVIDADES

- 1. Le a introdución deste apartado e visualiza o vídeo.**
- 2. A comunidade internacional reconece a obriga de dar asilo aos refuxiados que foxen dos seus países de orixe porque as súas vidas están en perigo.**

Non obstante, as lexislacións nacionais son moi restritivas e o número de permisos de asilo que se conceden é mínimo fronte ás demandas. Por exemplo, en Italia, os superviventes probablemente serán repatriados e poden, incluso, ser multados.

Que pensas disto?

- 3. Infórmate sobre como se concede este permiso en España e cantas persoas accederon a el nos últimos anos.**

MORTO POLA SÚA APARENCIA

https://es.wikipedia.org/wiki/Jean_Charles_de_Menezes

ACTIVIDADES

Le o artigo da ligazón anterior e responde as seguintes preguntas:

- 1. Imaxina que traballas en Scotland Yard e que debes redactar unha carta aos familiares do falecido, que residen en Brasil, contándolles o ocorrido. Como o xustificades?**
- 2. Imaxina que ti eres familiar do falecido. Como cres que afectaría o ocorrido ás relacións cos veciños e compañeiros doutros países con que convives?**
- 3. Cres que o teu aspecto físico podería poñerte en perigo nalgún país? Imaxina unha situación en que a cultura ou o país ao que pertences puidese xerar prexuízos e violencia contra ti.**

VERGOÑA DUN IRMÁN?

Como cres que vive as celebracións familiares, os festivais ou festas con amigos unha persoa con un irmán con a síndrome **de Capgras**? Para os que non saibades o que é, trátase dun trastorno psicolóxico que basicamente consiste en que a persoa afectada sospeita da verdadeira identidade da xente que a rodea e pensa que foron substituídos por impostores de idéntica aparencia, o que pode levala, en ocasións, a adoptar actitudes violentas. Prestade atención á testemuña do irmán de Anxo e responde as seguintes actividades:

“Meu irmá Anxo seguro que vai chamar a atención, nunca pasa desapercibido; sei como se pon cando está rodeado por un grupo de persoas e teño medo de que organice un número dos seus. Inventar excusas para que quede na casa parece unha solución, pero sei que cada segundo que pase estarei pensando nel. Querémonos moito. Maldita conciencia!”

ACTIVIDADES

- 1. Que conflito está vivindo o irmán de Anxo? Que decisión cres que tomará? Que farías ti no seu lugar?**
- 2. Escribe un diálogo durante a cea en casa de Anxo en que todos os membros da familia (pode ter os que ti queiras) expliquen os seus puntos de vista.**
- 3. As enfermidades mentais provocan rexeitamento e desconfianza e a**

integración social dos que as sofren é moi difícil. Que enfermidades mentais coñeces e que repercusións teñen para a convivencia. (se non coñeces ningunha <https://www.youtube.com/watch?v=P4HzNwgqonM> visualiza este vídeo e fai este apartado sobre a síndrome de Asperger)

COUSAS DA IDADE

Envellecer nas nosas sociedades implica, para moitos, un risco de discriminación e de abandono.

Vídeo:<http://www.crtvg.es/informativos/o-40-dos-maiores-de-65-anos-sente-soidade-emocional-4088957>

ACTIVIDADES

1. Visualiza o vídeo e fai un pequeno resumo do mesmo.
2. Elabora unha táboa coas actividades cotiáns dun dos teus avós, dos teus pais, e de ti mesmo, e unha vez rematada reflexiona sobre a mesma e saca conclusións.

Exemplo:

	AVÓ/A	PAI/NAI	EU
MAÑÁ	<ul style="list-style-type: none">• Levántase as 9.• vestirse e almorzar.• Ver a tele.	<ul style="list-style-type: none">• Levántase as 7.• Vístese, almorza e vai o traballo.	<ul style="list-style-type: none">• Levántome as 7.• vístome e vou ao instituto
TARDE			
NOITE			